



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL
RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 60 00 09
Fax: 981 60 24 17
Email: persoal@arteixo.org

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN POR PROCEDIMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE, PARA COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA VACANTE DO POSTO DE POLICÍA LOCAL, GRUPO C, SUBGRUPO C1, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E ÁMBITO DE APLICACIÓN

É obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de ingreso polo sistema de oposición libre para cubrir unha praza de persoal funcionario de carreira, do posto de POLICÍA LOCAL do Concello de Arteixo, grupo C, Subgrupo C1, Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, vacante na RPT 2017 e anteriores e incluída na OEP 2014 e anteriores. As presentes bases reguladoras quedan supeditadas ao establecido na Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local, no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto do Básico do Empregado Público, na Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, e demais de aplicación, para o non regulado no marco legal sinalado en primeira instancia.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- Escala de Administración Especial
- Subescala de Servizos Especiais
- Categoría: policía
- Escala: básica
- Grupo: C
- Subgrupo: C1
- Número de prazas convocadas: unha

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para poder tomar parte no proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española.
- b) Ter cumpridos os 18 anos de idade.
- c) Posuír unha estatura mínima de 1,65 metros os homes e 1,60 metros as mulleres.
- d) Estar en posesión da titulación esixible para o acceso como funcionario do grupo C1, consonte a normativa de función pública.
- e) Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B.
- f) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o/a aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.
- g) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o/a aspirante presentará en forma de declaración xurada.
- h) Presentación dun certificado médico oficial en que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, o que non excluíra as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico.

- i) Presentación da carta de pagamento de ter aboado os dereitos de exame nos servizos económicos municipais (Tesourería) ou certificado do Servizo Público de Emprego (INEM) polo que se acredite a exención do pagamento de taxas por situación de desempregado/a de longa duración (de conformidade ao establecido na Ordenanza Fiscal nº 11 do Concello de Arteixo). Ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite de presentación de instancia. Asemade a ausencia de xustificante do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do/a aspirante.

Quedarán exentos/as do pagamento das taxas de dereito de exame, aqueles/as aspirantes que acrediten minusvalía e/ou situación de desemprego de longa duración (a tal efecto deberá aportarse xunto coa instancia o certificado de minusvalía superior ao 33% ou certificado do INEM de estar en situación de desemprego durante 1 ano ou mais tempo) segundo a Ordenanza Fiscal nº 11 do Concello de Arteixo.

Os dereitos de exame establécense en 19,61 € (taxas de exame), e só serán devoltos a quen non fora admitido/a ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos no epígrafe 2º das presentes bases, isto é, únicamente a aqueles/as aspirantes que resulten excluídos/as na listaxe definitiva.

Todos estes requisitos deberán acreditarlos na data en que remate o prazo de presentación de instancia da convocatoria.

CUARTA.- SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Arteixo, cos datos persoais do solicitante, co seu enderezo e a denominación do posto convocado ó que opta, achegando unha fotocopia autenticada do documento nacional de identidade, no seu caso, da documentación debidamente compulsada establecida como acreditación de requisitos de acceso.

Para ser admitido/a nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación de instancias e o compromiso, no suposto de superar o proceso, de prestar xuramento ou promesa de conformidade co Real decreto 707/1979, do 5 de abril.

No caso de equivalencia ou homologación de titulacións deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente.

O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria específica no Boletín Oficial do Estado.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello de Arteixo, ben en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse inexcusablemente a seguinte **DOCUMENTACIÓN**, orixinal ou copia compulsada, na orde que se indica:

- a) Documento nacional de identidade ou pasaporte.
- b) Título de bacharelato, técnico de formación profesional ou equivalente, segundo as disposicións educativas sobre a materia. Así mesmo, e só para os efectos de acceso a empregos públicos, a superación das probas de acceso á Universidade para maiores de 25 anos, homologadas polo órgano competente, considérase equivalente á obtención do título de bacharelato, sempre que se acredite algún dos requisitos establecidos no artigo 4.3 da Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño.
- c) Permisos de conducir das clases A2 e B.
- d) Declaración responsable asinada, de non ter sido condenada/o por delito doloso, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou á escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaba no caso do persoal laboral, no cal fose separado/a ou inhabilitado/a, nin ter sido separado/a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme.
- e) Declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de comprometerse a portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas.
- f) Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que se especifican nestas bases. Esta certificación non poderá ter unha antigüidade superior aos tres meses anteriores ao día de remate do prazo de presentación de instancias.
- g) Carta de pagamento das taxas de exame ou certificación de estar exento (segundo o establecido na base terceira)

QUINTA.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES

- A. O prazo de presentación de instancias (solicitudes) será de 20 días naturais e iniciarase ao día seguinte da publicación do correspondente anuncio no BOE, toda vez se teña publicado anuncio de convocatoria no DOGA e publicación previa das bases reguladoras no BOP de A Coruña.
- B. Finalizado o prazo dos 20 días naturais fixado para presentar as solicitudes o Concello de Arteixo ditará resolución, no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a listaxe de solicitudes de participación admitidas e excluídas,



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

especificando, no seu caso, os motivos de exclusión e prazo de subsanación (10 días hábiles), que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello. No suposto de non existir aspirantes excluídos/as, a listaxe provisional poderá ser elevada á definitiva, sinalando xá a data de inicio do proceso selectivo.

- C. No suposto de producirse reclamacións/recursos contra as listaxes, composición nominativa do tribunal ou similares, deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas, coa publicación da listaxe definitiva no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Arteixo.
- D. O feito de figurar na listaxe de solicitudes admitidas non prexulga que se lles recoñeza aos/ás interesados/as posúren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que superen as probas selectivas.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal de oposición será designado pola Alcaldía nos termos que sinalan os artigos 60 e concordantes do texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público e o artigo 34 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

Estará constituído por cinco membros titulares e cinco suplentes. A totalidade dos vogais deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á categoría da praza ofertada.

A súa composición, que primará o principio de especialidade e idoneidade técnica, así como a paridade do órgano na súa composición, será a seguinte:

- Presidencia: un/unha funcionario/a do Concello de Arteixo (titular e suplente), preferentemente do Corpo técnico (A1-A2)
- Secretario, quen actuará con voz e voto: un/unha funcionaria/o do Concello de Arteixo (titular e suplente).
- Tres vogais con coñecementos técnicos designados pola Alcaldía (titular e suplente), que deberán ser técnicos na materia, cumpridos os requisitos establecidos pola Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén, polo que a Alcaldía na Resolución de designación nominativa dos membros do Tribunal asumirá as propostas realizadas, quedando a súa potestade de designación limitada por razón legal tasada, explícitamente motivada para os supostos de rexeitamento.

Non poderán formar parte do Tribunal as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual, así como tampouco aqueles que estean comprendidos nos supostos de abstención/recusación establecidos polos artigos 23 e art.24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réximen Xurídico do Sector Público.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

probas así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

A Alcaldía, antes de que teña lugar cada unha das probas e xuntamente coa listaxe definitiva de admitidos/as, publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da corporación a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes do tribunal cualificador.

Os membros dos Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao presidente cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

O Tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe a Alcaldía e se entenderá constituído validamente cando asista a maioría absoluta dos membros, titulares ou suplentes.

Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da sesión de constitución cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na Lei 39/2015 e Lei 40/2015

O Tribunal adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que as persoas aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizaren os exercicios ás do resto dos demais aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

En caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os membros do Tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida de conformidade ao establecido pól as Bases de execución do orzamento municipal en vixencia.

SETIMA.- PROCESO SELECTIVO

Esta fase constará das seguintes probas, cada unha das cales terá carácter eliminatorio, e serán realizadas pola orde na que se citan:

1. Probas de avaliación dos coñecementos dos aspirantes sobre os contidos do temario correspondente.
2. Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega, só para aqueles aspirantes que non puidesen acreditarlo documentalmente.
3. Aptitude física, que incluírá a comprobación da estatura dos/as aspirantes.
4. Probas psicotécnicas.
5. Recoñecemento médico.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

Todas as probas recollidas no punto anterior teñen carácter eliminatorio.

Facúltase ao Tribunal cualificador, unha vez rematada a proba de coñecementos, para establecer por orde decrecente de puntuación a porcentaxe de aspirantes que deben desenvolver o resto das probas, por quendas consecutivas de resultar necesario cuxo número non será inferior, en todo caso, ao dobre das prazas convocadas.

1. Proba de avaliación dos coñecementos

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar a súa preparación intelectual e o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización.

A proba será cualificada polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N=(A-F/3)/10$, sendo N=nota final da proba; A= preguntas acertadas; F=preguntas falladas ou non respondidas.

2. Proba de coñecementos da lingua galega

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que as/os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

As persoas aspirantes que acrediten, con carácter previo e da maneira normativamente establecida, o coñecemento da lingua galega, daráselles por superada esta proba coa cualificación de "apto", para o que se lles exixirá o título Celga, 4 de acordo coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo de 2007, na que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), art. 2.4.

3. Comprobación da estatura e probas de aptitude física

3.1.- Comprobación da estatura: antes de comezar as probas físicas efectuarase o control da estatura dos/as aspirantes, quedando eliminados/as os/as que non acaden a estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

3.2.- Probas de aptitude física: as probas de aptitude física terán a cualificación de apto ou non apto. Para obter a cualificación de apto é necesario non superar as marcas establecidas como máximas para as probas 3.2.1, 3.2.4 e 3.2.5, e alcanzar ou superar os mínimos das probas 3.2.2 e 3.2.3. Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

Establécense diferentes marcas para cada sexo. As probas realizaranse de forma individual, agás as de velocidade, resistencia xeral e natación que poderán facerse de forma colectiva se así o considera o tribunal cualificador. Nas probas de resistencia



xeral e natación, dispónse dunha soa posibilidade de execución, no resto permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto.

O desenvolvemento de cada unha das probas físicas deberá realizarse en lugares axeitados ao tipo de proba a executar. En todas as probas deberase empregar un sistema de medición que garanta a exactitude e certeza das marcas individuais obtidas por cada opositor.

3.2.1. Proba de velocidade, carreira de 50 metros lisos: realizarase nunha pista de atletismo ou calquera zona totalmente chaira de terreo compacto. O/a aspirante colocárase na pista no lugar sinalado, podendo realizar a saída de pé ou agachado, sen utilizar tacos de saída. As marcas máximas (en segundos) esixidas para a superación da proba son: homes: 7,40" e mulleres: 8,20".

3.2.2. Proba de potencia de tren superior: os homes realizarán flexións de brazos e as mulleres suspensión en barra.

- Flexións de brazos: realizarase en ximnasio ou campo de deportes. Iniciarase desde a posición de suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans nús, á fronte, e cos brazos totalmente estendidos. A flexión completa realizarase de maneira que o queixo asome por enriba da barra. Antes de iniciar outra nova flexión será necesario estender totalmente os brazos. Non se permite o balanceo do corpo ou axuda con movementos das pernas. Contaranse soamente as flexións completas e realizadas correctamente. O número mínimo esixible é de 10 flexións.
- Suspensión en barra: realizarase en ximnasio ou campo de deportes. O exercicio consiste en quedar, o maior tempo posible, na posición que se describe: brazos flexionados, presa coas palmas da man cara atrás, pernas completamente estendidas e sen tocar o chan, queixo situado por enriba da barra e sen ter contacto con ela. O tempo mínimo esixido para a superación da proba é de 52 segundos.

3.2.3. Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal: realizarase en ximnasio ou campo de deportes, con chan horizontal e, coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas. O/a aspirante colocárase de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pés separados, paralelos entre si e á mesma altura. Realizará un salto horizontal caendo cos dous pés ao chan. Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca do apoio de caída máis próximo á liña. As marcas mínimas esixidas (en centímetros) para a superación da proba son: homes: 210 cm. e mulleres: 185 cm.

3.2.4. Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos: realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chá de terreo compacto. O/a aspirante colocárase na pista no lugar indicado. A saída realizarase en pé. Será eliminado o corredor que abandone a pista durante a carreira. As marcas máximas (en minutos e segundos) esixidas para a superación da proba son: homes: 3'30" e mulleres: 4'10".



3.2.5. Proba de natación, 25 metros estilo libre: realizarase nunha piscina que permita efectuar o percorrido sen facer viraxes. O/a aspirante poderá colocarse para a saída, ben sobre a plataforma, ben no bordo da piscina, ou ben no interior do vaso, debendo permanecer neste último caso en contacto co bordo da saída. Unha vez que se dea o sinal de saída, os/as aspirantes, ben en mergullo ou por impulsión sobre a parede, segundo a situación de partida adoptada, iniciarán a proba empregando calquera estilo para a súa progresión. As marcas máximas (en segundos) para a superación da proba son: homes: 24" e mulleres: 28".

4. Probas psicotécnicas.

Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos/as aspirantes e a súa adecuación ás funcións policiais que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado. Terán que efectuarse e valorarse por persoal especialista. A cualificación global será de apto/non apto.

4.1. Proba de intelixencia: realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

4.2. Probas de personalidade: as probas de personalidade orientaranse a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desenvolvemento da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade.

Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento do estrés e motivación polo traballo policial.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico dos candidatos. Deste modo, á parte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse, ademais, os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto da función policial.

5. Proba de recoñecemento médico.

O recoñecemento médico será efectuado por facultativos especialistas e o seu fin é garantir que os/as aspirantes estean en condicións idóneas para o exercicio das funcións policiais propias do posto de traballo. Cualificarase como apto/non apto.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

Para os efectos da exclusión do/a aspirante, terase en conta o seguinte:

1. Obesidade-delgadeza: obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercicio das funcións propias do cargo. Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresada en metros.
2. Calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico, psíquico ou sensorial que, a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funcións policiais.

Para os diagnósticos establecidos neste anexo teranse en conta os criterios das sociedades médicas das especialidades correspondentes.

As exclusións garantíranse coas probas complementarias necesarias para o diagnóstico.

OITAVA.- COMEZO DOS EXERCICIOS

1. A data e máis a hora na que deberá constituírse cada tribunal, así como o día e a hora para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas serán determinados pola Alcaldía mediante resolución, xuntamente coa aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas e a composición do tribunal, que se publicará a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Arteixo polo menos con 15 días de antelación.

2. As persoas aspirantes convocaranse para cada exercicio nun único chamamento, quedando decaídos no seu dereito as que non comparezan a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal.

3. As persoas aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

NOVENA.- DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS

1. Unha vez comezadas as probas non será obrigatoria a publicación da celebración das sucesivas no Boletín Oficial da Provincia, sendo suficiente a súa exposición nos locais onde se celebren e no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello. Nestes mesmos lugares publicaranse as puntuacións obtidas en cada unha delas.

2. Desde a terminación dunha proba e o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas.

3. As probas realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das/os aspirantes, membros do tribunal e as/os colaboradores e especialistas designados.

4. As persoas aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e nos que non poidan realizarse conxuntamente a orde de actuación das persoas aspirantes principará por aquelas cuxo primeiro apelido empece pola letra Ñ, segundo



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

a resolución do Ministerio de Facenda e Función Pública do 18 de abril de 2017 (BOE nº 94 de 20/04/2017), pola que se fai público o resultado do sorteo ao cal se refire o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao sérvizo da Administración Pública.

Obriga dos aspirantes de concorrer ás probas:

1. Os/as aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora a causa que lles impedir acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como no suposto recollido no número seguinte.

2. Nos casos de aspirantes embarazadas, ou en período de parto ou postparto, debidamente acreditados, poderase aprazar para as aspirantes en que conorra a dita circunstancia ata seis meses o desenvolvemento das probas físicas que lles correspondese efectuar, prazo que podería prorrogarse como máximo outros seis meses en caso xustificado. Este aprazamento das probas físicas non afectará por si só ao resto das probas.

3. En calquera caso, daráselle por superado o proceso selectivo a aquelas aspirantes que obtivesen unha puntuación final que non puidera ser acadada, aínda coa obtención da máxima puntuación posible nas probas físicas aprazadas, polas aspirantes que se acollesen ao dereito de aprazamento.

4. As mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente primeiros días do puerperio, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso selectivo poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse co tempo suficiente e o tribunal determinará con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as medidas as conxuntamente.

5. En ningún caso as probas de recoñecemento médico estimarán como circunstancias negativas para os efectos do proceso selectivo, calquera que fose derivada da situación de embarazo e lactación. Á solicitude da muller que acredite atoparse nestas circunstancias, os tribunais poderán determinar que estas probas se realicen en calquera outra fase ou momento do proceso selectivo. Tamén o Tribunal poderá sinalar razoadamente de oficio, oída a afectada, unha data apropiada segundo as condicións da muller que se atope nestas circunstancias.

6. O Tribunal poderá requirir aos/ás aspirantes, en calquera momento da práctica de calquera exercicio ou proba, que acrediten a súa identidade, para o que deberán estar provistos do documento nacional de identidade, permiso de condución ou pasaporte.

7. Contra os acordos do Tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante Alcaldía que os nomeou, segundo o previsto no art. 122 e seguintes da Lei 39/2015.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

DÉCIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL E LISTAXE DE APROBADOS

1. Rematado o proceso selectivo, o Tribunal proporá ao órgano convocante e fará pública a relación de aprobados, por orde decrecente de puntuación, cuxo número máximo deberá coincidir co de prazas convocadas. Consecuentemente, o Tribunal elevará proposta de nomeamento a favor do/a aspirante que acade a maior puntuación na totalidade da oposición.

2. O Tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha listaxe de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, en que figurarán aqueles/as aspirantes que, aínda que superen o proceso selectivo, non resulten aprobados/as por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

3. No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos en que o aspirante aprobado non chegue a tomar posesión, e sempre con anterioridade ao desenvolvemento do curso correspondente, o órgano convocante, deberá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da listaxe complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadado.

DECIMO PRIMEIRA.- CURSO SELECTIVO DE POLICIA LOCAL E OBRIGA DA SÚA SUPERACIÓN.

O Concello convocante comunicará sen demora á Academia Galega de Seguridade Pública a relación do alumnado que debe incorporarse ao curso selectivo, e solicitará a reserva das prazas correspondentes.

Para o desenvolvemento do curso selectivo de formación, e o período de prácticas se é o caso, as persoas aprobadas serán nomeadas funcionarios en prácticas, cos dereitos e deberes que legalmente lles correspondan segundo a súa situación e categoría.

A superación do curso selectivo resulta obrigatoria para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría correspondente. Só estarán dispensadas de realizar o dito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Academia Galega de Seguridade Pública e os funcionarios que accedesen por mobilidade desde a mesma categoría desde outros corpos de policía local.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, agás por causas excepcionais, considerarase que o aspirante non superou o proceso selectivo.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na academia, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos acadados no proceso selectivo.

DÉCIMO SEGUNDA.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

Estas bases vincularán ao Concello, ao Tribunal cualificador e as persoas aspirantes que participen no proceso selectivo. Ase mesmo, dado que as publicacións e anuncios serán expostas na páxina web municipal como publicidade complementaria (e sen validez a efecto administrativo), se entenderá que os/as aspirantes, no momento da presentación de instancia, asumen a publicidade de datos persoais (nome, apelidos,



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

calificacións dos exercicios, etc). A restante información, de carácter persoal ,quedará reservada ao expediente interno de selección e protexida segundo o establecido polo estipulado na lei 15/1999, de 13 de decembro

DÉCIMO TERCEIRA.- INCIDENCIAS

O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases as cales están elaboradas de acordo o disposto na orde do 28 de xaneiro de 2009, a Lei 4/2007 de 20 de abril e o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que a desenvolve, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto do Básico do Empregado Público, e demais normativa de aplicación.

DÉCIMO QUINTA.- DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Estas bases xerais e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa segundo corresponda.

Así mesmo a administración municipal poderá, de ser o caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais de conformidade co previsto na citada Lei 39/2015, de 1 de outubro.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

ANEXO I - TEMARIO

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución Española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.
2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: Dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguranza. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.
3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas II: Dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguranza. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e a liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguranza. Dereito de petición.
4. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo.
5. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.
6. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.
7. Organización territorial de Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O Valedor do Pobo.
8. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia.
9. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.
10. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.
11. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.
12. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.
13. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno local. Outros órganos municipais.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

14. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
15. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
16. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.
17. Lei orgánica de forzas e corpos de seguranza. Funcións da policía local.
18. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
19. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
20. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
21. A Lei de emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.
22. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de perfección do delito.
23. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.
24. Delitos contra a Administración pública. Atentados contra a autoridade e os seus axentes. Desordes públicas.
25. Homicidio e as súas formas. Faltas contra as persoas. Delitos e faltas contra o patrimonio e a orde socioeconómica.
26. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.
27. O atestado policial na Lei de axuízamento criminal. Concepto e estrutura.
28. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigas do funcionario que efectúa unha detención. Contido da asistencia letrada. Dereito do detido. Responsabilidades penais en que pode incorrer o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus.
29. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estructura e conceptos xerais.
30. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.
31. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.
32. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.
33. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.
34. Estructura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

35. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.
36. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e compañeiros. Equipos de traballo e atención á cidadanía.
37. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.
38. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.
39. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.
40. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo público.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

MODELO DE INSTANCIA

D./Dona con DNI núm.:
con enderezo.....C.P..... Localidade.....
e telefono de contactomail.....

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da Convocatoria e Bases reguladoras do proceso selectivo de **POLICA LOCAL (1 praza de FUNCIONARIO DE CARREIRA, Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Grupo C, subgrupo C1, Escala básica)** e declarando explícitamente coñecer e aceptar as bases reguladoras da convocatoria para a cobertura desta praza, e declarando pola presente cumprir tódolos requisitos establecidos nestas bases, e especificamente: non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme e, acepta-lo compromiso de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas.

E a tal efecto, aportando a documentación referida na base cuarta das presentes bases reguladoras:

-
-
-
-
-

SOLICITA:

que sexa admitida esta instancia para participar no proceso selectivo referido.

Data, DNI e sinatura do/a aspirante:

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.- De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMÓN DOPICO N° 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA). Os seus datos serán utilizados para o trámites estritamente necesarios relacionados coa súa solicitude. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá suponer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas derivadas da súa solicitude e, os mesmos poderán ser publicados nas listaxes resolutivas de admitidos, no Boletín Oficial correspondente, taboleiro de edictos municipal e páxina web. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. O CONCELLO DE ARTEIXO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade na dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, N° 1-15142, ARTEIXO (A CORUÑA), aportando copia do seu DNI.

Á ATENCIÓN DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

Por todo o exposto e considerando que a adopción deste acordo é competencia desta Xunta de Goberno, en virtude das delegacións efectuadas pola Alcaldía-Presidencia, por Resolución nº 1423/2015 de 17-07-2015, pola que se delega a competencia de aprobación das convocatorias e bases dos procesos selectivos devenida do artigo 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime local.

E segundo o establecido polo Decreto 243/2008, de 16 de outubro, de desenvolvemento da Lei 4/2007 de Coordinación de Policías de Galicia,

En observancia do establecido polo RD 364/1995, de 10 de marzo, RD 891/96, Lei 2/2015, da Lei do Emprego Público de Galicia e demais marco normativo e legal referido á selección de persoal na Administración Local, en tanto concordante co RDL do Texto Refundido da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Emprego Público.

E visto o Informe do departamento de persoal e RR.HH., elévase á Xunta de Goberno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria e bases para selección, acceso en propiedade, polo procedemento de OPOSICIÓN LIBRE, dunha praza do posto de POLICA LOCAL, PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, GRUPO C1, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, ESCALA BÁSICA.

SEGUNDO.- Quedar enterados do contido do Informe técnico emitido por D^a. Laura Rodríguez Sastre, técnica de RR.HH, que se da por reproducido aquí por economía procedimental, ao quedar integrado no expediente do proceso selectivo do que trae causa.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, supeditando o presente Acordo ao correspondente Informe favorable das bases reguladoras aquí recollidas, sometendo consecuentemente a eficacia administrativa deste acordo ao antedito informe externo como trámite preceptivo de carácter previo á publicación da presente convocatoria e bases reguladoras no BOP de A Coruña.

CUARTO.- Dar traslado do presente á representación sindical, Xunta de persoal funcionario do Concello de Arteixo e departamento de Persoal para que procedan segundo corresponda.

Vº e prace

Asdo. Laura Rodríguez Sastre
Técnica Persoal e RR.HH.

Asdo.: José María Sánchez Novo
Concelleiro de persoal e réxime interior



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL
RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 60 00 09
Fax: 981 60 24 17
Email: persoal@arteixo.org
